



**OUTUBRO
2010
SECURITAS**

**B
O
L
E
T
I
N**

**I
N
F
O
R
M
A
T
I
V
O**



**Confederación Intersindical Galega
II EPOCA**

Saúde compañeiros e compañeiras, dende a CIG emitimos como sempre, puntualmente, o noso boletín informativo, para que poidades estar informados das novas que se producen na nosa delegación, así como na empresa e en xeral no sector.

REUNIÓN DO COMITÉ

O pasado día 27 de setembro do 2010, celebrouse a xuntanza periódica do comité de empresa na que estiveron presentes os xefes de servizos D. Xavier Domínguez e D. Eloi González. Non podendo asistir á mesma o xerente D. Antonio López.

APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Os membros presentes na anterior xuntanza do comité de empresa, proceden a asinar e aprobar a acta da reunión do pasado mes de xuño de 2010.

SANCIÓNS E AMONESTACIÓNS

A empresa informa dunha sanción a un/ha traballador/a de 25 días de emprego e soldo. Esta sanción atópase recorrida.

SERVIZOS NOVOS E PERDIDOS

Novos:

- Sfera, rúa Urzáiz (esporádico). Servizo de luns a venres en horario de 08:00 a 20:00.
- Ampliación servizo de Roldas Polígono "Os Abetos".
- Ampliación Opencor . De luns a Domingo en horario de 08:00 a 16:00.

FOLGA XERAL DO 29 DE SETEMBRO

A menos de dous días da folga xeral, facendo gala dunha deixadez abraiante, a empresa non ten nomeados os servizos mínimos. Aínda así

considera que “automaticamente” son servizos mínimos a banca, os servizos con arma e todos os postos de control, xa que actúan como centrais receptoras de alarma. Da parte sindical, faise notar que a empresa con esta actitude elude a negociación dos servizos mínimos cos sindicatos, polo que entendemos que estes, de nomealos, estarían vulnerando o dereito a folga e, nese caso, tomaranse as medidas oportunas.

ACUDAS ALARMAS

A empresa considera que o problema que xerou este o apartado xa non existe. Que as acudas a unha alarma na quenda de noite até as 07:30 fainas o/a vixiante saínte, e a partires das 07:30 o/a vixiante entrante. Para a quenda de día o procedemento será o mesmo.

Malia isto, insistimos na proposta da inclusión dun protocolo de actuación que figure no Manual de Funcionamento Operativo, o que poder aterse ou remitirse os compañeiros e compañeiras en caso de dúbida.

NÓMINAS

Expóñense queixas no que se refire á recepción das nóminas, como son atrasos na entrega, chegada de varias nóminas xuntas nun mesmo sobre, erros nas direccións, etc.

EXERCICIO DE TIRO

Vólvense reclamar as cantidades que se adebedan en concepto de tirador selecto correspondentes o ano 2009. A empresa di que estas cantidades se aboarán na nómina do vindeiro mes de outubro. Tamén di que a primeiros de outubro se saberán as datas do vindeiro exercicio de tiro, polo que se lle insiste en que deberán contar con munición suficiente.

Solicítase unha listaxe do persoal que ten licenza de tiro en vigor.

CHALÉ DE CANIDO

Para a implantación da arma neste servizo, estase a agardar a revisión da Garda Civil.

Para poder rematar as obras de humanización da caseta, falta a conexión ó CCTV. No que se refire a cadeira, a empresa di que elixan a que os/as vixiantes asignados/as ó servizo queiran. Da solicitude dun moble para gardar as botas, o xefe de servizo di que a uniformidade dese servizo non contempla o uso desta prenda.

Antes de que remate o ano, pasará polo servizo un delegado de prevención, para ver se todo está en orde.

SERVIZO DE ROLDAS

A proposta realizada pola parte sindical na xuntanza anterior para a mellora das condicións laborais, non tivo resposta, quedando pendentes desta por parte do Xerente non asiste a esta xuntanza. No que se refire as quedas quedan da maneira seguinte:

Día:

- 1 coche de 07:30 a 11:30 e de 14:30 a 20:30.

Noite:

- 2 coches de 19:30 a 07:30.
- 1 coche de 21:30 a 08:00.

DÍA DE ASUNTOS PROPIOS

Por orde da empresa en Madrid, continuarase coa política de non pagar o día de asuntos propios. Solicítase á entrega a este comité, dunha comunicación oficial deste feito, instando á empresa a aboar este día como permiso retribuído, en caso contrario tomaranse as medidas oportunas, polo que animamos aos traballadores a facer as demandas de reclamación de cantidades pertinentes por este asunto.

UNIFORMIDADE

No que respecta ás camisas de mala calidade e que transparentan, aínda non hai unha resposta da Central, mandáronse a Madrid e agárdase solución en breve.

A uniformidade de inverno xa se pode solicitar. Ponse de data límite o vindeiro 20 de outubro, para que todos os pedidos feitos, estean entregados nos servizos.

ALFAGEME

Procédese á lectura e inclusión na acta, do escrito remitido polo comité de empresa de Alfageme, referido os feitos acontecidos o pasado 07 de abril e o conflito laboral no que se atopa inmersa esta empresa.

CADRANTES PERSOAIS MENSUAIS

Solicítase que nos cadrantes individuais, se lle inclúa ao persoal que está a cómputo anual, o computo total de horas onde figure se ten débeda ou sobrante. O Xefe de Servizos, Sr. Xavier, di que isto é moi complicado, polo que propón que todo aquel que se atope en situación de cómputo anual e queira saber o seu estado de horas, non ten máis que chamalo e preguntarlle, sen ningún problema, pero que cabe a posibilidade de pasar mensualmente un listado ao Comité da situación xeral deste persoal, polo que se lle di que se faga a partir de agora.

ETEA

Solicítase o aprovisionamento neste servizo de papel hixiénico suficiente, cadeiras, luvas anti-corte, cadeira nova, etc, así como que se incremente o servizo de limpeza. Solicítase tamén o acondicionamento do alumado exterior.

Faise observar as anomalías observadas no que atinxe ó taboleiro sindical, do que desaparece información ó pouco de ser colocada.

Asemade, se lle esixe á empresa unha maior implicación e control, para solucionar as distintas problemáticas internas que afectan ó traballo en equipo dos/as traballadores/as asignados a este servizo.

DALFY TRW

Trasládanse á empresa as queixas dos/as traballadores/as no que atinxe o cadrante de servizo. O Xefe de Servizos, Sr. Xavier comunica que ten pendente unha xuntanza co equipo de seguridade, que se levará a cabo, cando eles/as queiran e dispoñan de tempo.

O.P. CAIXANOVA

Ante as dúbidas que se están a xerar pola presenza ou non de amianto nas obras feitas nas instalacións, solicítase con carácter urxente un estudo de prevención. Así mesmo faise observar que non se entregou a este comité ningunha comunicación ó respecto, nin se tomaron as medidas preventivas pertinentes, pero que despois de celebrada a reunión do comité de prevención entregóuselle aos traballadores/as un escrito onde se poñía de manifesto o perigo do amianto, pero que dito escrito non foi entregado aos delegados de prevención.

MANUAL DE FUNCIONAMENTO OPERATIVO (MFO)

Non se procedeu a inclusión do apartado no que se lle informe ós/ás traballadores/as do que di a Lei de Protección de Datos no que atinxe os servizos onde se empregue un CCTV.

DOCUMENTACIÓN DO COMITÉ

Solicítaselle á empresa a entrega da documentación que quedara pendente nas anteriores xuntanzas e outras novas:

- Plan de Igualdade.
- Relación de traballadores con contrato de Obra e Servizo.
- Relación de traballadores a cómputo horario anual.
- Relación vacacional para o ano 2011.

REGULAMENTO DA COMISIÓN DO CALENDARIO LABORAL

A empresa contestou á proposta de regulamento que rexe o funcionamento da comisión do Calendario Laboral realizada pola parte social, na que se modificaron certos puntos nas que non estaban de acordo. Estes puntos foron negociados chegando a un consenso, quedando pendente a súa sinatura, unha vez modificados e fixando unha data para a reunión de dita comisión o vindeiro 4 de novembro.

VARIOS

No apartado adicado a varios tratáronse os seguintes asuntos:

- **Plus de Scanner:** Ós/ás traballadores/as que teñen dereito a cobrar o Plus, e non o reciben íntegro atopándose a cómputo anual, se lles regularizará a súa situación ó finalizar o ano, manifestando a parte sindical o seu desacordo con isto e que se tomaran as medidas pertinentes.
- **Horas Extras:** Faise observar o incremento das horas extras realizadas nos meses de xullo e agosto, manifestando a empresa que isto ven dado polo período estival do persoal.
- **Formación:** A empresa ignora toda información sobre este punto, manifestando a parte sindical que se comunicara por parte da empresa un curso para o mes de setembro, pero a estas alturas aínda non se sabe nada, instando a empresa a realizar a formación ao 100% do persoal.

A folga xeral en Galiza: éxito de participación e exemplo de dignidade da clase traballadora galega

Máis de 80.000 persoas secundan as manifestacións convocadas pola CIG nas cidades e vilas do país

A Confederación Intersindical Galega avalía como un éxito rotundo a folga xeral convocada pola central sindical en Galiza este mércores 29 de setembro. Suso Seixo, secretario xeral, considera que se acadou unha

participación similar á da folga xeral de 2002, superada en comarcas como Vigo, onde se superou amplamente o 80 por cento. Nas manifestacións convocadas pola central sindical, celebradas en todas as cidades e en numerosas vilas do país, a participación chegou ás 80.000 persoas. A marcha máis numerosa foi a de Vigo, onde a participación superou os 40.000 asistentes.



Na manifestación da Coruña participaron unhas 10.000 persoas; en Compostela 5.000; en Ferrol 5.000; 4.000 en Ourense, 3.000 en Pontevedra; 2.000 en Lugo; outras 2.000 en Vilagarcía e máis de 400 en Noia. En Cee xuntáronse arredor de 350 persoas na concentración convocada e en Foz, onde a protesta se desenvolveu pola tarde, participaron unhas 300 persoas.

A CIG considera de especial relevancia a incidencia da folga xeral na industria onde se superou ao igual que na construción o 75 por cento, cos polígonos industriais e as principais empresas do país paralizadas. Canto á limpeza viaria, a central sindical cifra nun 100% a incidencia da folga e entre un 80 e un 90 por cento no transporte de viaxeiros. Respecto do transporte escolar a central sindical salienta que só funcionaron os servizos mínimos.

En Ensino universitario, as tres universidades estiveron practicamente paralizadas. Canto ao ensino non universitario a incidencia da folga xeral foi superior ao 50%.

Na Banca, nas cidades o paro foi secundado por entre o 60 e o 70% e na administracións públicas rondou o 50%, aínda que a incidencia foi maior nos servizos centrais e periféricos da Xunta de Galiza onde se acadou o 65%. En concellos como o de Santiago estas cifras foron amplamente superadas acadándose o 90%.

Máis de 40.000 persoas en Vigo

A manifestación principal da CIG tivo lugar en Vigo e nela participou o secretario xeral da central, Suso Seixo. A marcha partiu pasadas as 12 do mediodía do cruce da Doblada e rematou na Porta do Sol máis de dúas horas despois. Á cabeza da mobilización unha faixa co lema “Outro modelo económico e social é posíbel. Non á nova reforma laboral” abría o paso a milleiros e milleiros de persoas que amosaron coa súa multitudinaria presenza o apoio ás reivindicacións do sindicato.

Ao remate da mobilización tomou a palabra en primeiro lugar o secretario comarcal da CIG de Vigo, Serafín Otero, quen animou a todos/as os presentes a mostrar o seu rexeitamento ás últimas medidas adoptadas polo Goberno español. Otero salientou o rotundo éxito das convocatorias de folga e manifestacións en toda Galiza a pesar da campaña de difamación dos poderes dominantes e repasou por enriba os principais ataques aos dereitos dos traballadores/as que contén a nova reforma laboral.

Pola súa banda, o secretario xeral do sindicato nacionalista cualificou de exemplo de “combatividade, compromiso e dignidade” a presenza de milleiros de persoas nas rúas de Vigo “defendendo os nosos dereitos como clase e demostrándolle ao capital, ao PSOE e ao PP que non imos agochar a cabeza mentres recortan os nosos dereitos”. Incidiu en que a reforma laboral, o recorte dos salarios dos empregados/as públicos, a conxelación das pensións para 2011, o recorte do gasto público e as reformas pendentes como a das pensións, negociación colectiva ou prestacións por desemprego son razóns suficientes para convocar a folga xeral.

Seixo lembrou tamén durante a súa intervención que dende o primeiro momento da crise económica a CIG chamou á mobilización para esixir

“reformas estruturais profundas que levasen a un cambio radical do actual modelo de capitalismo neoliberal na procura dun novo modelo económico e social máis xusto, solidario e democrático”. Neste senso, fixo fincapé en que a clase traballadora non é a responsábel da crise “pero pretenden que sexa quen a pague, mentres os culpábeis (bancos, grandes fortunas e especuladores) seguen a recibir apoios a pesar de obter enormes beneficios en plena crise”.

Finalmente, apostou por acadar maiores cotas de soberanía nacional para poder aplicar políticas propias que permitan superar a actual situación económica e animou a todos/as os presentes a prepararse “para unha dura loita a medio e longo prazo na que esta é a primeira folga xeral, aínda que non descartamos ter que convocar máis”.

Ao remate do acto, a violinista Laura Quintillán interpretou a Internacional e un grupo de música tradicional foi o encargado de acompañar o Himno Galego, que pechou unha mobilización histórica do pobo traballador galego.

ALGUNHAS MEDIDAS DA REFORMA LABORAL

DESPIDOS OBXECTIVOS (COLECTIVOS E INDIVIDUAIS)

- As empresas poderán despedir con 20 días de indemnización/ano argumentando “Previsión de perdas, descenso dos beneficios, movemento ou implantación de novas máquinas, nova organización da empresa, novos programas informáticos”. (A indemnización de 20 días ano cun máximo de 12 meses, antes da reforma 45 días/ano cun máximo de 42 meses).
- As empresas só pagarán 12 días, os 8 restantes os paga o Fogasa. (Isto quere dicir que os 8 do Fogasa pódense cobrar un ano ou dous anos despois do despedimento).

AMPLIACIÓN DAS ETTs A TODOS OS SECTORES

- As ETTs poderán implantarse en todos os sectores de traballo.
- Os Convenios Colectivos non poderán regular nin prohibir o traballo das ETTs.
- Legalízase a actuación das Axencias Privadas de Colocación con ánimo de lucro, en competencias reservadas ata agora para o INEM.

NON APLICACIÓN DOS CONVENIOS COLECTIVOS

- Facilita ás Empresas poder descolgarse dos Convenios Colectivos argumentando unha situación económica desfavorable.
- Como consecuencia permite que as Empresas paguen menos que o Pactado en Convenio.
- Contra o regulado en Convenio poderá modificar a xornada laboral, procedendo a unha distribución irregular, podendo traballar uns días máis e outros menos.



A LOITA CONTINUA!

O pasado día 29 de Setembro vivimos outra xornada histórica no noso País en contra da Reforma Laboral máis regresiva das que se levan vivido no Estado Español. A clase traballadora, consciente do moito que perdemos, fíxose oír na rúa onde ninguén pode censurar as nosas voces por moito que o intenten.

Algo máis de 40.000 persoas manifestámonos polas rúas de Vigo coa CIG na defensa dos nosos dereitos laborais, pedindo a retirada da reforma e que as medidas para recuperarnos da crise teñen que ir sobre os seus causantes que, seguen acumulando grandes fortunas.

Se os medios de comunicación previa á Folga Xeral basearon o súa “información” nunha salvaxe campaña de desprestixio e mentiras sobre os sindicatos, o día despois omitiron as cifras que evidenciaban o éxito das mobilizacións. Incidiron de xeito enganoso e perverso na acción dos piquetes informativos, facendo o papel de verdadeiros lacaios do capital e cómplices do poder establecido.

Nada se fala da coacción da patronal sobre as e os traballadores, non só para que non secunden a folga, senón tamén a que vivimos todos os días para cobrar baixo convenio, para ter unhas xornadas laborais abusivas ou traballar en condicións insalubres e infrahumanas baixo ameaza de despedimento.

O “gobierno socialista”? incide neste tipo de políticas neoliberais que aumentan cada vez máis as diferenzas sociais. A situación é insostible en moitas familias nas que é dificultoso chegar a fin de mes e en ocasións de cubrir necesidades básicas como os alimentos, mentres as grandes empresas e a banca seguen a ter beneficios multimillonarios.

Este é a toda vista un sistema inxusto, e ate me atrevo a dicir inmoral, que beneficia a quen provocou a crise e desampara a clase traballadora deixándoa totalmente indefensa. Temos que seguir loitando por un modelo económico diferente, un modelo favorábel aos intereses da clase traballadora, máis xusto, solidario e democrático, cun reparto da riqueza máis equitativo.

Zapatero xa afirmou de forma rotunda que non quere dar marcha atrás á reforma, igual que fixo co recorte de salarios para os traballadores da Función Pública e a conxelación das Pensións. Ademais pretende continuar con novas reformas como a das Pensións, a do Desemprego, a da Negociación Colectiva, ou o copago da Sanidade Pública.

Por outra banda xa se iniciaron as chiscadelas aos sindicatos estatais para tranquilizalos e lexitimalos pola Folga Xeral, algo así como o que fixo o Ministro Sebastian coa subida da tarifa eléctrica, onde as eléctricas pedían un 5% de incremento ao goberno e concedeulles un 4,8%! Incrementándose así no que vai de ano as tarifas nun 20%.

Non podemos baixar a garda. Xa demostramos o 29 que somos quen de plantar cara a estas inxustizas e que non estamos dispostos a dar nin un só paso atrás ante estas agresións aos nosos dereitos laborais e sociais, e isto non é negociábel. Temos que seguir por esta senda, aínda que significa que nos próximos anos a loita se vai endurecer, mais temos que estar preparados e mentalizados para defendernos contra estas situacións, e tan só acadaremos a nosa meta coa participación e implicación dos traballadores e traballadoras e as organizacións de Clase.

RECORDATORIO

RECLAMACIÓNS HORAS EXTRAS SEGURIDADE PRIVADA

Como ben sabedes o pasado mes de Decembro saliu por fin a resolución xudicial do tribunal supremo referente ao xeito de facer o calculo das horas extras e tamén para definir ás reclamacións presentadas dos anos 2005, 2006 e 2007, polo tanto e en base a sentenza, deberanse refacer os cálculos finais das reclamacións xa presentadas, así como cabe a posibilidade de presentar as dos anos 2008 e 2009, ou tamén poderíase reclamar tódolos anos no seu conxunto, pois ben os que queirades facer a reclamación dos anos 2007, 2008, e 2009, ou todas dende o 2005, deberedes xuntar as nóminas correspondentes aos anos a reclamar, e a maiores os cuadrantes de traballo para os/as que non lle veñan o abono da hora extra reflexada en nómina, a continuación entregades a documentación a delegada ou delegado sindical da vosa empresa ou ben achegádevos polo local da CIG da vosa comarca.

INFORMACIÓN SOBRE AS FUSIÓN DAS CAIXAS II

O pasado 30 de setembro, as Caixas anunciaron un acordo con parte da representación sindical (CCOO e CESICA). Dende a CIG-Servizos, queremos manifestar o seguinte:

Dende o primeiro día estivemos e estamos a traballar na procura da mellor solución posíbel a este problema, polo que solicitamos dúas xuntanzas nacionais cos responsábeis de Caixanova e Caixa Galicia, para solicitar e manexar información certa de cómo e canto afectará a fusión ao persoal que prestan servizos de seguridade e limpeza, para despois decidir as accións legais e sindicais que teremos que levar a cabo en toda Galiza para intentar reducir, na medida do posible, as consecuencias negativas que esta fusión terá sobre o emprego (despedimentos, reducións de xornada, etc...).

As xestións realizadas neste senso, non tiveron o éxito que buscabamos polo que tivemos que empregar outras vías, para acadar a nosa meta, e a través do grupo parlamentar do BNG e do seu deputado Henrique Viéitez, reclamamos a adopción de medidas para facer fronte á perda dos 500-600 empregos que vai implicar a fusión das Caixas que proveñen das empresas de servizos e auxiliares que ninguén está pondo enriba da mesa. Viéitez rexistrou unha proposición non de lei reclamando que se impulse unha mesa de diálogo laboral na que teñan representación todas estas empresas, maioritariamente de servizos (limpeza, mantemento, seguridade, etc). Neste intre, como dicimos no acordo acadado o pasado 30 de setembro, se omite a estas empresas que segundo os nosos datos, afectará aproximadamente a 125 persoas de limpeza, 75 de seguridade, 50 de mantemento, 150 de contratos doutros servizos, etc.

Como sindicato de clase, afirmamos que existía un compromiso verbal para incluír unha cláusula de garantía para o persoal da Obra Social, da Fundación, das Empresas auxiliares e Empresas de servizos. Centos de postos de traballo veranse afectados pola fusión, sen que exista ningún tipo de garantía de que o proceso sexa non traumático e negociado.

Pero agora este compromiso verbal de inclusión desta cláusula queda relegado a un posible anexo fora do acordo das Caixas, o que non garante absolutamente nada, a non ser unha mera declaración de intencións.

Con toda seguridade imos a vernos obrigados a convocar un calendario nacional de mobilizacións por tanto será imprescindible contar co apoio de todas e todos.

EN DEFENSA DO EMPREGO

FORMACIÓN CIG-SEGURIDADE PRIVADA


Como sabedes a CIG, a través de FORGA, leva anos ofertando a súa afiliación unha extensa e variada oferta de accións formativas de formación continua para traballadores en activo, e como non podía ser doutro xeito, para este ano estivemos a preparar unhas accións formativas para o sector de Seguridade Privada, tendo en conta as necesidades e demandas do sector en cada comarca.

SECTORIAL SEGURIDADE PRIVADA-VIGO

PRESENCIAL	PRIMEIROS AUXILIOS CON DESA	VIGO
PRESENCIAL	CONDUCCIÓN EVASIVA	VIGO
PRESENCIAL	VIXIANTE DE EXPLOSIVOS	VIGO
PRESENCIAL	GUIA CANINO	VIGO

SECTORIAL SEGURIDADE PRIVADA-PONTEVEDRA

PRESENCIAL	CONDUCCION EVASIVA	PONTEVEDRA
PRESENCIAL	TIRO PRACTICO PARA SEG. PRIVADA	PONTEVEDRA



***"Coa forza
dos traballadores
das traballadoras"***

Representantes dos traballadores da CIG no Comité de Empresa:

Pedro Pérez Caride	646 690 810
Fructuoso Carballo Álvarez	666 085 437
Marta Calvo González	690 624 982
Ramón López López	626 473 681
Benito López Pazos	636 494 888

Delegado Sección Sindical CIG-Securitas:

Raúl Santos Tome **617 149 829**

Os nosos locais:

GREGORIO ESPINO (Doblada), 47

Centraliña Comarca 986-82-79-00

36205 – VIGO

PASANTERIA, 1 (Baixo)

Telefone 986-85-29-50

36002 PONTEVEDRA

Enderezo Electrónico

cig.securitas.vigo@telefonica.net

cigsecuritasvigo@cigservizos.org

Páxina web: www.cigservizos.org/grupo/securitas-vigo